

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 5, 43-48

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos:

– «Tedes oído que se vos dixo: “Amarás o teu próximo e aborrecerás o teu inimigo”. Pero eu dígovos: amade os vossos inimigos, e pregade polos que vos perseguen. Así seredes fillos de voso Pai que está no ceo, que fai saír o seu sol sobre malos e bos, e chover sobre xustos e inxustos.

Porque, se amades os que vos aman, ¿que recompensa ides ter? ¿Non fan o mesmo os publicanos?

E se saudades soamente a vossos irmáns, ¿que facedes de máis? ¿Non fan outro tanto os pagáns?

Daquela, sede bos como o voso Pai celestial é totalmente bo.»